

## Convocatoria do PROGRAMA DE VACACIÓNS IMERSO Plena inclusión 2023-2024

### CONDICIÓN XERAIS:

#### As viaxes inclúen:

- \* Réxime en **Pensión Completa**.
- \* Aloxamento en habitación dobre compartida.
- \* **Seguro de viaxe**.
- \* Dispoñibilidade de **habitacións adaptadas**. Non se garante a súa concesión en todos os casos.
- \* **Transporte adaptado para os traslados**.

#### As viaxes non inclúen:

- \* Gastos de traslados aos puntos de saída e chegada.
- \* Actividades de ocio no destino.
- \* Gastos de persoal de apoio.

### PERSOAS BENEFICIARIAS

- \* Persoas que acrediten un grao de discapacidade intelectual igual ou superior ao 33%
- \* Ser maior de 16 anos . Autorización de pai, nai ou titor/a no caso de menores de idade.

### DOCUMENTACIÓN PARA A SOLICITUDE

- \* **Ficha de Solicitud** adxunta. (**Orixinal e asinada** por quen corresponda)

No caso de solicitar descontos, aportarase:

- \* Fotocopia do título de Familia Numerosa (terá que atoparse en vigor ou achegarase xustificante de renovación)
- \* No caso de Unidade Económica de Convivencia (U.E.C) con ingresos iguais ou inferiores a 10.176,81 € terase que presentar: copia da última declaración da renda de cada un dos membros da U.E.C. No caso de estar exentos de declarar IRPF, aportarase certificado de exención emitido por Facenda, copia de Prestacións Sociais (pensións, fillo/a a cargo, prestacións ou subsidios INEM...) e certificado de empadramento do solicitante que acredite o seu lugar de residencia.

### BAREMACIÓN DE SOLICITUDES E ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

A concesión de praza establécese en función da puntuación obtida no **Baremo para a adxudicación de prazas** desta convocatoria. Este baremo está consensuado polo IMERSO e Plena inclusión.

- \* **Situación de maior discapacidade—20%**
- \* **Necesidade económica—15%**
- \* **Familia Numerosa—10%**
- \* **Non ter asistido a anteriores convocatorias—30%**
- \* **Necesidade de descanso familiar—10%**
- \* **Procedencia. Réxime de asistencia— entidade—15%**

### RESERVA E PAGO DA VIAXE

Unha vez comunicada a concesión da praza abrírase un prazo de **10 días** para o **ingreso da cota da viaxe**. De non facerse o pago neste prazo, perderase o dereito á praza.

### IMPORTANTE!!

- \* A persoa que participe na presente convocatoria (**1 de novembro de 2023 a 31 de outubro de 2024**) con outra entidade subvencionada polo IMERSO non poderá volver viaxar. En caso de incumprimento, FADEMGA Plena inclusión reclamará o importe total da praza.
- \* A nova Lei de Apoios (Lei 8/2021), defende o respecto dos **dereitos, a vontade e preferencias das persoas con discapacidade**. Agora é a persoa con discapacidade quen **toma as decisións** que lle afectan.
- \* A persoa que presta medidas de apoio axudará á persoa con discapacidade intelectual a comprender a información que necesita para tomar decisións.
- \* A Ficha de Solicitud, así como a documentación necesaria para viaxar terá que estar **asinada pola persoa con discapacidade intelectual**. E de ser o caso, tamén asinará a persoa que exerza como **representante legal, garda de feito** ou outras **medidas de apoio** (curatela, defensor xudicial, apoderado).

### BAIXAS

Unha vez aceptada a praza, no caso de baixa, ca sinatura desta solicitude comprométese a:

- \* Asumir os gastos de xestión que xere a súa substitución por outra persoa en lista de espera, (por exemplo, cambio de nome de titular de billete de avión).
- \* No caso de que a súa praza non poida ser cuberta por outra persoa en lista de espera, está obrigada ao pago de gastos de anulación que ocasione dita baixa podendo chegar ao custe real da praza.

Para máis información, podes consultar a convocatoria completa en [www.fademga.org](http://www.fademga.org)

Se tes dúbidas podes contactar con nós !



**Programa de Vacacións IMERSO  
FADEMGA Plena inclusión Galicia**

Vía Pasteur, nº53-B. Polígono Industrial do Tambre  
15890 Santiago de Compostela  
Telf: 981 51 96 50 – Ext. 2007

[ocio@fademga.org](mailto:ocio@fademga.org)  
[www.fademga.org](http://www.fademga.org)

